PODO CONSULTAR A INFORMACIÓN DE LISTA DE ESPERA SEN TER DNI ELECTRÓNICO NIN CERTIFICADO DIXITAL? HAI ALGUNHA OUTRA OPCIÓN?

Para proporcionarlle información sobre as consultas que ten vostede programadas, ou sobre a lista de espera, debemos acreditar a súa identidade, ou ben mediante o programa **CONTACTE**, canle do Servizo Galego de Saúde para recoller reclamacións, entre elas as relacionadas coas demoras, ou ben preguntando no servizo de citas ou cubrindo un escrito de reclamación nos puntos habilitados para tal fin nas diferentes Áreas Sanitarias, onde se lle requirirá o seu DNI e a firma do documento.

Lembre que as reclamacións por escrito poden ser presentadas segundo o disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*:

- Nos rexistros dos órganos administrativos aos que se dirixan
- Nos rexistros de calquera órgano administrativo, que pertenza á Administración Xeral do Estado, á de calquera administración das comunidades autónomas, ou á dalgunha das entidades que integran á Administración Local se, neste último caso, se subscribise o oportuno convenio
- Nas oficinas de correos, na forma que regulamentariamente se estableza
- Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España ou do estranxeiro
- En calquera outro lugar que establezan as disposicións vixentes

* Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A presente Lei entrará en vigor ao ano da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Con todo, as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, rexistro de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico producirán efectos aos dous anos da entrada en vigor da Lei. Sentimos non poder responderlle por esta vía, destinada a dúbidas, achegas, consultas organizativas ou suxestións que non interesen datos persoais ou sobre a saúde individual.

Clasificación

Categorías:

- Temas, A nosa organización
- A nosa organización
- Colectivos, Cidadanía e Pacientes, Profesionais, Empresas e Provedores
- Interésame, Saber a miña posición na lista de espera, Facer unha consulta, suxestión ou reclamación

Etiquetas:

- lista de espera, demoras